

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Relixión Evanxélica 2º Bacharelato

Curso: 2023/2024

CÓDIGO DO CENTRO: 15032807

IES O MILLADOIRO

Enderezo		C.P.
Paseo da Igualdade N°5		15895
Localidade	Concello	Provincia
O Milladoiro	Ames	A Coruña
Tlno.	Fax	Correo electrónico
881867863		ies.milladoiro@edu.xunta.gal
Páxina web	http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro	

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución do currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22

1. Introducción

A través da Ensinanza Relixiosa Evanxélica, na Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, preténdese ofrecer os alumnos e alumnas aqueles elementos que, baseados nos principios bíblicos, poidan axudarlles no seu desenrolo integral como persoas co propósito de adquirir unha madurez axeitada, autonomía e responsabilidade persoal.

Considerando a persoa coma un ser integral no que subsisten diferentes dimensións (biolóxica, psicolóxica, social e espiritual), faise necesaria unha formación que teña en conta todas elas. Nunha sociedade cada vez máis plural como a nosa cabe esperar a coexistencia de diversos criterios de pensamento e acción, nun clima de liberdade e diálogo. É por isto que, considerando as características dos alumnos desta etapa, a Ensinanza Relixiosa Evanxélica pretende ofrecer unha formación integral facendo fincapé na dimensión espiritual.

No IES do Milladoiro, o presente curso e o segundo ano que conta con Ensinanza Relixiosa Evanxélica e atópase cun proceso de implantación que goza dunha situación de normalidade que estimamos altamente positiva. Esta situación vese reflectida dende o momento no que un alumno ou alumna fai a súa matrícula no Centro, xa que á hora de escoller entre as diferentes opcións, atopamos a opción de Ensinanza Relixiosa Evanxélica en consonancia co que establece a lexislación vixente.

Sen dúbida, os centros educativos deben ser un reflexo da pluralidade cultural na que se atopan. Este centro -e cada vez máis na nosa comunidade- dan un paso máis cara a interculturalidade, no momento no que non só se recoñecen diferentes culturas, senón que tamén se fomenta a interacción cultural a todos os niveis. O feito de que a Ensinanza Evanxélica sexa unha opción máis, deixa a un lado toda susceptibilidade no que se refire ó feito relixioso diferencial no que cohabitan os cidadáns galegos dende hai case 150 anos.

Neste curso 2023-2024, este departamento desenvolverá a súa actividade formativa co alumnado de 1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º da ESO e 2º de Bacharelato, sendo este documento o que reflicte a programación do citado curso.

Finalmente, como destacaremos máis polo miúdo no apartado de metodoloxía, queremos sinalar que dependendo dos coñecementos previos dos alumnos e alumnas en cada nivel, e baseándonos nos principios constructivistas verbo da educación, partiremos dos seus coñecementos para construír os novos. Tamén aplicaremos na nosa intervención educativa principios do deseño universal de aprendizaxe (DUA) e incluiremos a gamificación como recurso metodolóxico e didáctico.

Se calquera programación ten un carácter aberto en canto ao seu posterior desenvolvemento no aula; as circunstancias concretas que rodean a programación desta materia neste ano en concreto fan que nos atopemos cunha programación máis aberta do que nos gustaría xa que a data de hoxe non temos os borradores do novo currículo da nosa materia adaptados á LOMLOE. Aínda que estes se aprobasen a tempo, a súa publicación será con toda seguridade posterior á data establecida para a entrega da programación. É por isto que o currículo base para a ESO será o que se dicta na *Resolución de 23 de julio de 2015, de la Dirección General de Evaluación y Cooperación Territorial, por la que se publica el currículo de la materia Religión Evangélica en Educación Secundaria Obligatoria* e para o Bacharelato o reflectido *Resolución de 28 de enero de 2016, de la Dirección General de Evaluación y Cooperación Territorial, por la que se publica el currículo de la materia de Religión Evangélica del Bachillerato*. Adaptarémolos á nova lei educativa o currículo e utilizaremos os borradores do novo currículo tamén.

Adentámonos, pois, co desenvolvemento dos distintos apartados da programación LOMLOE comenzando polos obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas.

2. Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias

2 BACHARELATO Relixión evanxélica

Obxectivos da área	Competencias Clave (descriptores operativos)							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer o valor e autoridade da Biblia, a súa vixencia e os privilexios de ter o texto bíblico ao noso alcance como medio de coñecemento de Deus.	2-3-4					1		
OBX2 - Aplicar diferentes métodos de estudo bíblico que permitan un maior coñecemento da Biblia e dos feitos histórico-bíblicos a partir de distintos tipos de fontes, tanto primarias como secundarias.	1-2 3-4	2	1-2	1			3	
OBX3 - Identificar as distintas etapas do desenvolvemento de Israel, coñecendo o contexto do mundo bíblico e a intervención de Deus na vida e historia deste pobo.	3	2				1		2
OBX4 - Recoñecer a Xesucristo como personaxe central da Biblia e da historia, o seu compromiso na salvación da humanidade a través da súa vinda e a súa obra redentora, descubrindo por medio de todo iso o amor de Deus.	1-2-4							1
OBX5 - Analizar e apreciar a persoa, palabra, doutrina e ensinos de Xesucristo, segundo o Evanxeo, no seu contexto histórico.	2-3				4	1		
OBX6 - Analizar criticamente as realidades e os valores morais do mundo contemporáneo e os diferentes factores que inflúen nel, relacionando o señorío de	1-2-4	3		1		1		

Cristo coa totalidade da cultura moderna.								
OBX7 - Adquirir unha conciencia do transcendente que poida ser aplicada nos diferentes ámbitos da existencia.	1-2	3					1	4.2
OBX8 - Relacionar a historia do cristianismo coa Igrexa de hoxe.	1-2-3	3				1-2		
OBX9 - Comprender a escala de valores que proporciona o sentido cristiá da vida desenvolvendo unha conciencia crítica dende a perspectiva bíblica, dos diferentes problemas éticos que se suscitan no mundo contemporáneo.	4-5	3	5	1	1-2-3	1-2 3-4	2	3.1
OBX10 - Establecer uns valores morais e espirituais sólidos nos que o alumno poida basear a súa existencia de forma que chegue a unha madurez moral, persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma.	4-5	3	5	3-4	1-2-3	1-3	1	

Lenda: CCL: Competencia en comunicación lingüística; CP: Competencia plurilingüe; STEM: Competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría; CD: Competencia dixital; CPSAA: Competencia persoal, social e de aprender a aprender; CC: Competencia cidadá; CE: Competencia emprendedora; CCEC: Competencia en conciencia e expresións culturais.

3.1. Relación de unidades didácticas

2 BACHARELATO

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim,	2º trim.	3º trim.
1	Biblia e a racionalidade da revelación.	A hermenéutica establece a ponte para que textos do pasado teñan relevancia na actualidade. Nesta situación de aprendizaxe achegarémonos a distintos aspectos do método de interpretación gramático e histórico.	17	8	X		
2	A Historia da Salvación. De Adán a Xesus Cristo.	O coñecemento do Antigo Testamento é fundamental para comprender o Novo. Nesta situación de aprendizaxe farán un percorrido cronolóxico polo Antigo Testamento dende Xosé ata a división do reino de Israel adentrándose en determinados textos.	17	8	X		
3	A Figura Histórica de Xesús de Nazaret.	Xesús Cristo é a persoa central da cultura de occidente. Nesta situación de aprendizaxe analizarán aspectos centrais dos ministerio de Xesús e da historicidade da súa persoa.	16	6		X	
4	A Historia do Cristianismo dende as súas orixes ata os nosos días	A Biblia é fundamental para coñecer a nosa cultura europea. Nesta situación de aprendizaxe o alumnado adquirirá determinadas ferramentas para facer a súa propia eséxese de textos bíblicos.	16	7		X	
5	O ser cristián.	No Novo Testamento temos as bases da cosmovisión cristiá que impregna a nosa cultura. Nesta situación de aprendizaxe o alumnado será exposto as bases fundamentais do cristianismo (Restauración, novo nacemento, discipulado).	17	8			X
6	A Ética cristiá.	Na Biblia temos as bases da cosmovisión cristiá que impregna a nosa cultura. Nesta situación de aprendizaxe o alumnado será exposto aos textos bíblicos base de ética cristiá tanto do Antigo coma do Novo Testamento.	17	8			X

3.2. Distribución do currículo nas unidades didácticas.

Relixión evanxélica (1º Bacharelato)

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
1	A Biblia e a racionalidade da revelación	8

Criterios de avaliación

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA.1.1. - Poñer en práctica as normas básicas da interpretación bíblica, eséxese e hermenéutica, aplicándoos á lectura e estudo bíblico persoal e grupal, reflexionando con rigor e bibliografía especializada sobre a relevancia do texto bíblico como palabra de Deus revelada e inspirada para hoxe.	PE	Interpreta por si mesmo/a un determinado texto bíblico.	50
CA.1.2. - Comprender a importancia dos procesos polos que a Biblia chegou ata nós coma un legado fundamental nos distintos ámbitos da cultura e literatura universal, da súa tradución, investigando as circunstancias históricas da tradución da Biblia dende os textos orixinais.	TI	Coñece o proceso de tradución da Biblia dende os orixinais de xeito esquemático.	50

Lenda: PE Proba Escrita, TI: Táboa de indicadores.

Contidos

Contidos
C1.3. - A Biblia e a súa influencia na literatura, arte, cultura...
C1.4 A Racionalidade da revelación de Deus á humanidade.
C1.5. - Evidencias externas e internas dos documentos históricos e os manuscritos bíblicos.
C1.6. - Principios da tradución da Biblia comparando distintas versións dun mesmo texto. Principais traducións e revisións da Biblia realizadas dende os idiomas orixinais ás linguas oficiais de España.

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
2	A Historia da salvación. De Adán a Xesus Cristo	8

Criterios de avaliación

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA1.1 – Identificar os principais feitos da historia antiga e tipos de leis do pobo de Israel no plan de Deus para a salvación da humanidade, examinando textos do Antigo Testamento e do Novo Testamento.	TI	Utiliza recursos tecnolóxicos e investiga na Biblia a mensaxe de salvación nun plano xeral.	50
CA1.2. - Comprender e expresar o plan de reconciliación e salvación de Deus, aplicando diversos métodos de estudo bíblico que permitan un maior coñecemento da relación entre Deus e o ser humano, o seu propósito e a súa responsabilidade.	PE	Describe de xeito esquemático o Plan de salvación.	50

Lenda: PE Proba Escrita, TI: Táboa de indicadores.

Contidos

Contidos
C2.3. - O período dos xuíces. Samuel e a monarquía: Saúl, David e Salomón.
C2.4. - A mensaxe dos profetas maiores e menores.
C2.5. - Cautividade en Babilonia, regreso e reconstrución do templo de Xerusalén.

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
3	A figura histórica de Xesús de Nazaret	6

Cráterios de avaliación

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA3.1. - Obter e seleccionar información sobre a vida de Xesús, o efecto das súas ensinanzas e obras, extraendo aplicacións que sexan pertinentes para a situación da vida e na comunidade dos crentes.	PE	Identifica e discrimina textos dos evanxelos con aplicacións universais.	50
CA3.2. Valorar críticamente a fiabilidade das fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas), obtendo información relevante en canto á figura histórica de Xesusristo.	TI	Usa recursos tecnolóxicos para investigar e describir o que os escritores non cristiás contemporáneos ao cristianismo antigo dixerón verbo de Xesús.	50

Lenda: PE Proba Escrita, TI: Táboa de indicadores.

Contidos

Contidos
C3.3. - A obra redentora de Cristo.
C3.4. - Xesús e as boas noticias de salvación.
C3.5. - Xesús e a Igrexa.
C3.X. - Xesús nas fontes históricas e historiográficas.

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
4	A historia do cristianismo dende as súas orixes ata os nosos días	7

Criterios de avaliación

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA4.1 - Comprender e expresar a intervención de Deus na historia do cristianismo, analizando textos bíblicos e bibliografía especializada.	TI	Recoñece a importancia da historia do cristianismo para comprender a cultura europea actual.	50
CA4.2. - Identificar e localizar no tempo os procesos e acontecementos históricos máis relevantes da reforma protestante, valorando a importancia da Reforma e as súas múltiples repercusións na Igrexa e na sociedade.	PE	Identifica as repercusións da Reforma na cultura e sociedade actuais.	50

Lenda: PE Proba Escrita, TI: Táboa de indicadores.

Contidos

Contidos
C4.3 - A Reforma protestante en Europa, causas e valores.
C4.4. - O cristianismo na Península Ibérica.
C5.5. - A Reforma en España. O concilio de Trento e a Contrarreforma.

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
5	O Ser cristián	8

Criterios de avaliación

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA5.1 - Identificar os textos bíblicos clave que expresan as consecuencias do pecado na relación con Deus, con nós mesmos e con outras persoas, descubriendo os seus efectos e a esperanza de restauración que ensina a Biblia.	TI	Indaga na Biblia identificando textos bíblicos que sinalan cambios significativos nas persoas,	50
CA5.2. - Coñecer as bases e os principios bíblicos da ética cristiana examinando textos do Novo Testamento e bibliografía especializada.	PE	Describe principios bíblicos de ética cristiana.	50

Lenda: PE Proba Escrita, TI: Táboa de indicadores.

Contidos

Contidos
C5.3. - Ensinanzas dos Proverbios e Libros Sapienciales.
C5.4. - Os profetas e a xustiza social.
C5.5. - Bases bíblicas das relacións interpersonais.

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
6	Ética cristiana	8

Criterios de avaliación

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA1.1 - Identificar na Biblia valores morais e espirituais, normas de fe e conduta, aplicando os principios bíblicos a casos concretos de actuación ética, responsable e autónoma.	PE	Identifica principios bíblicos universais por sí mesmo/a.	50
CA1.2. - Sinalar as relacións entre a Declaración dos Dereitos Humanos e distintos pasaxes ou principios bíblicos extraídos do Antigo e o Novo Testamento, establecendo unha conduta cristiana baseada nos mesmos.	TI	Establece relacións entre a DDH e principios bíblicos.	50

Lenda: PE Proba Escrita, TI: Táboa de indicadores.

Contidos

Contidos
C6.4. - Bioética: problemas éticos ao principio e ao final da vida.
C6.5. - Ética social: Ecoloxía, Traballo e Aconomía. Paz e violencia.
C6.6. - A Biblia e os Dereitos Humanos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

De acordo co concepto vixente de currículo, a definición de obxectivos, competencias clave, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis debe completarse coa referencia ás orientacións de metodoloxía didáctica, entendendo por tal o proceso polo que os anteriores chegan a alcanzarse.

Os principios metodolóxicos que se seguirán na nosa área veranse próximos á concepción constructivista verbo da educación. Algúns dos principios que consideramos básicos son os seguintes:

- Partir do nivel do alumno, das súas posibilidades de razoamento e aprendizaxe que as súas capacidades lle dan.
- Asegura-la construción de aprendizaxes significativos. Intentar construír, educativamente falando, sobre a base que o alumno xa ten.
- Posibilitar o aprendizaxe dos alumnos e alumnas por si mesmos, que o alumno ou alumna sexa capaz de aprender a aprender.
- Partir do máis concreto para chegar ó máis lonxano.
- Interactuar dunha maneira libre e o máis amizosa posible có mestre, de maneira que este sexa quen de dirixir á persoa ó aprendizaxe.

Para que todo isto se leve a bo termo; plantexaremos unha metodoloxía que requira en todo momento a participación activa do rapaz ou rapaza, tentando reducir as leccións maxistras nas diferentes Unidades Didácticas ó imprescindible utilizando a gamificación como recurso.

Tamén nos identificamos con teorías pedagóxicas emerxentes como é o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA) que pon de manifesto que non hay categorías estacas de alumnado onde uns precisan adaptacións e outros non. Utilizaremos unha metodoloxía que valga para calquera alumno facilitando medios para cumprir os obxectivos que valgan para todos, é dicir, que sexan universais. Deste xeito, o profesor convértese nun facilitador de experiencias ao alumnado nas que, ademais de suscitar os contidos e actitudes que se pretende ensinar, diseña situacións que poñen en contacto aos seus alumnos e alumnas con personaxes bíblicos e con situacións nas que poñer en práctica os principios do cristianismo evanxélico. Ten tamén unha función mediadora aportando no proceso de ensino e aprendizaxe os recursos e medios necesarios para a interpretación os feitos, ideas, principios, datos ou valores, e constitúese en guía, aportando unha visión bíblica dos mesmos e modelos de aplicación práctica en situacións cotiás.

En canto ao alumnado, pretéñese que sexa activo. Proporemos múltiples situacións coa procura de

participación. É prioritaria a súa capacitación no coñecemento e o manexo da Biblia pois ha de remitirse a esta ao longo de todo a súa aprendizaxe como fonte básica para a comprensión do modo en que Deus se achegou ao ser humano. Esta capacitación para a investigación bíblica se complementarase co uso de fontes extrabíblicas, en ocasións coincidentes con outras materias que tamén estuda (literarias, históricas, documentais) como garantía da complementariedade do Ensino de Relixión Evanxélica co resto do currículo e a súa achega á formación integral.

Ter en conta a aprendizaxe nesta idade implica tomar en consideración os seus propios intereses e as súas características evolutivas á hora de suscitar distintas situacións de aprendizaxe. É por iso que seremos facilitadores dunha cada vez maior autonomía do alumnado e unha progresión dende o coñecemento inmediato cara a maiores cotas de abstracción. Potenciaremos tamén -á medida que se avanza na etapa- situacións cunha cada vez maior dose de confrontación e exercicio crítico. Todo isto levarase a cabo nun clima de liberdade de elección e convivencia plural.

O Ensino de Relixión Evanxélica suscítase simultaneamente como un espazo de aprendizaxe da convivencia, tanto nos grupos de idade que se constitúen para impartila, como no conxunto do centro e do grupo clase onde se convive con outros compañeiros e outras opcións. Para iso o docente planifica tarefas dinámicas de aprendizaxe con flexibilidade para adaptarse aos diferentes situacións persoais e/ou grupais.

Incluíranse no proceso de ensino e aprendizaxe distintos materiais, impresos, dixitais ou doutro tipo, que se incorporan como medios para estimular o estudo da Biblia, moitos deles elaborados polo propio mestre.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Diversos libros de lectura dos que se extraerán pasaxes.
Biblia.
Fichas de contidos diversos.
Ordenador.
Pizarra.
Proxector.
Material funxible: Tixeiras, cartón de cores, pegamento, lápices de cores, folios...
Outros recursos.

5.1 Procedemento para a avaliación inicial

Durante o primeiro mes de curso procederase a unha avaliación inicial xeral para a que se poderán utilizar algúns destes instrumentos:

- Informes individualizados do curso anterior.
- Cuestionarios escritos iniciais.
- Cuestionarios orais breves ao comezo de cada clase.
- Exame superficial do traballo no caderno individual.
- Mediante gamificación.

Recolleranse datos sobre os seguintes indicadores:

- Capacidade de comprensión utilizando contidos vellos.
- Capacidade de memorización comprensiva e interiorización de contidos novos.
- Capacidade xeral de comunicación.

Todos estes datos compararanse cos recollidos polo resto do profesorado na sesión de avaliación inicial e pola xefatura do departamento de orientación. Discriminaranse entón que elementos do proceso de ensino-aprendizaxe están mediatizados polas actitudes e cales responden a situacións determinadas a respecto das áreas lingüística e socio-cultural de cada alumno/a.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos da materia:

	Relixión evanxélica							
Unidade didáctica	UD1	UD2	UD3	UD4	UD5	UD6	Total UA	Total Prog.
Peso UD/ Tipo Ins.	17%	17%	17%	17%	16%	16%	100	100
Estándar sen instrumento	0	0	0	0	0	0	0	0
Proba escrita	50	50	50	50	50	50	50	50
Táboa de indicadores	50	50	50	50	50	50	50	50

Criterios de cualificación:

Reflectimos o **peso porcentual** de cada un dos elementos que conformarán a avaliación:

Traballo das distintas tarefas realizadas no aula: **40%**

Media probas escritas / táboa de indicadores: **60%**

O alumno deberá obter unha nota numérica de 5 sobre 10 para ter aprobada a materia.

Criterios de recuperación:

Recuperación durante o curso.

No caso de non superar unha avaliación, darase a posibilidade de recuperación da materia mediante a presentación dos traballos e/ou exames que se establezan.

Para traballar a autonomía do alumnado, este terá que preocuparse en poñerse en contacto co profesor para establecer os medios de recuperación durante o curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes

No caso que houberen alumnos coa materia pendente, elaborárase un plan de reforzo segundo o que establece o artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 atención á diversidade.

Este plan será personalizado e consistirá nun traballo que irá facendo o alumno de xeito trimestral seguindo as indicacións do mestre.

Este traballo revisarase con frecuencia quincenal para detectar posibles erros e facer as regulacións pertinentes.

Para traballar a autonomía do alumnado, este terá que preocuparse en poñerse en contacto co profesor para establecer os medios de recuperación durante o curso.

Este traballo avaliarase cunha nota establecida de 0 a 10 puntos, onde 0 será deficiente e 10 excelente.

6. Medidas de atención á diversidade

Un dos principais principios pedagóxicos da LOMLOE é o da atención á diversidade (Art.17.1). Tanto é así que os centros docentes elaboran propostas pedagóxicas para todo o alumnado atendendo á súa diversidade, e ponse especial énfase en garantir a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecta calquera destas situacións.

Dende a nosa área, colaboraremos coa xefatura do departamento de orientación na detección das necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

As medidas de atención á diversidade (MAD) que establece a LOMLOE son:

- Adaptacións do currículo,
- A integración de materias en ámbitos,
- Os agrupamentos flexibles,
- Os desdobramentos de grupos,
- A exención da Segunda Lingua Estranxeira,
- A oferta de materias optativas,
- Os programas de reforzo.
- Medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

No caso da nosa área, poderemos adoptar de ser preciso as pertinentes adaptacións do currículo ou programas de reforzo para o alumnado que non sexa quen de adquirir os obxectivos mínimos.

En todo caso, para responder ás necesidades educativas concretas do alumnado tendo en conta as súas circunstancias e diferentes ritmos de aprendizaxe, seguiremos os principios do Deseño Univesal de Aprendizaxe (DUA) para todo o alumnado, pero en caso do alumnado con diversidade funcional que presente necesidades educativas especiais (ACNEE) ou o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) que non adquira os obxectivos, programaremos actividades especificamente dirixidas para eles para reforzar os contidos desenvolvidos na unidade ou tema traballado.

Dado que as características de esta materia determinan que os grupos que se conforman son moi reducidos, faremos un seguimento moi individualizado do alumnado respetando os ritmos de aprendizaxe de cada alumno ou alumna coa finalidade de que o alumnado por completo acade -canto menos- os obxectivos mínimos. No caso de non ser posible, coordinaremos coa xefatura do departamento de orientación as accións a levar a cabo.

Finalmente sinalamos que, de ter disponibilidad horaria, estaremos en disposición de ofrecernos ao centro para facer reforzo educativo e apoio tal e como establece o disposto no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia no artigo 8.2.g).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1. - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.2. - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3. - Comunicación audiovisual		X				
ET.4. - Competencia dixital					X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial			X			
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico		X				
ET.7 - Educación emocional e en valores		X			X	X
ET.8 - Igualdade de xénero					X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Formación estética	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde						X
ET.12 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable					X	
ET.13 - Respeto mútuo e cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

No momento da elaboración desta programación non propoñemos ningunha actividade extraescolar e/ou complementaria, xa que non sabemos neste intre as actividades específicas referentes á nosa materia que se programarán na contorna que poden ser de interese para o proceso de ensino-aprendizaxe. De producirse algunha, faremos as xestións oportunas no seu momento para desenvolver a actividade dacordo coas instrucións do centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Programación
Planificación de situacións de aprendizaxe
Avaliación

Descrición:

Se a **programación** axústase ao marco normativo curricular estatal e autonómico e ao currículo de relixión publicado a data de hoxe e aos borradores do novo currículo, se está adaptada ás características do centro e do grupo, se vencella este curso co perfil de saída, os descritores operativos e obxectivos de cada etapa, se se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe...

A **planificación de situacións de aprendizaxe** inclúe tódolos elementos formáis, planificouse a partires de criterios de avaliación que establece o currículo utilizando en cada secuencia aqueles saberes que permitían progresar na adquisición da correspondente competencia específica, se tivo en conta os descritores operativos das competencias clave e buscou o diálogo curricular con outras materias, se é axeitada aos criterios de avaliación, se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe...

Avaliación. Se reflexionei e avaliei a miña laboura docente durante todo o desenvolvemento da situación de aprendizaxe realizando as oportunas regulacións iniciais de proceso e finais tanto nas tarefas coma nos contidos e na metodoloxía. Se utilicei varias ferramentas de avaliación ao longo da tarefa, se tiven en conta os criterios de cualificación acordados e se estes criterios van refiridos non só a resultados de probas, senón ao logro de competencias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Dado que non teño acceso á aplicación PROENS, non poderei realizar o seguimento a traveso dela, pero como é o caso desta programación, tentarei seguir o esquema alí reflectido.

Como o departamento de relixión evanxélica é unipersoal, non teño que coordinarme con outros profesores e fareino ao remate de cada Unidade Didáctica completando os datos que aparecen na aplicación.

Os datos recollidos no seguimento permitirán tomar decisións cara a programación do seguinte curso académico no que agardamos ter xa acceso á aplicación.